

Concello de Covelo

Expte. n.º: 199/2026

DECRETO DE ALCALDÍA

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, Alcalde-Presidente do Concello de Covelo (provincia de Pontevedra), en exercicio das funcións contempladas nos artigos 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como no artigo 61.1.s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando que o artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materias como a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Considerando o interese do Concello de desenvolver durante o presente ano as actividades lúdicas do IX Campus Multideporte de Covelo 2026, e a fin de establecer os criterios básicos da selección dos/as participantes e demais elementos para o seu desenvolvemento, en uso das facultades que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases elaboradas para a realización da actividade “IX campus multideporte 2026 do Concello de Covelo”.

Segundo.- Ordenar a publicación da convocatoria na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.

Asinado electrónica mente polo alcalde, do que eu como secretario-interventor, dou fe aos efectos exclusivamente do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

O alcalde

Juan Pablo Castillo Amigo

O secretario-interventor

Jacobo Manuel Rayón Cedeira

ANEXO

BASES IX CAMPUS MULTIDEPORTE 2026 DO CONCELLO DE COVELO

1.- OBXECTO.

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos do IX CAMPUS

DECRETOS
Número: 2026-0309 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 631TT4MD7MEX02ZAJTTOZHD14
Corrección: <https://covelo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



Concello de Covelo

MULTIDEPORTE DO CONCELLO DE COVELO 2026.

Actividade cofinanciada pola Deputación de Pontevedra no marco do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan +Provincia 2026-2027) (BOPPO nº 1 de 2 de xaneiro de 2026) liña 2 e pola Consellería de Política Social e Igualdade ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos, e se convocan para o ano 2026 (DOG n.º 28, de 11 de febreiro de 2026).

2.- PERSOAS DESTINATARIAS.

Poderán participar os nenos e nenas de 6 a 15 anos, preferentemente empadroados e empadroadas no Concello de Covelo.

Os criterios de selección (punto 8) e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e deben de ser acreditados xunto coa solicitude.

No caso de persoas menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou dalgunha patoloxía, avaliarase cada solicitude de maneira individual. No caso de persoas menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou dalgunha patoloxía esta circunstancia deberá facerse constar, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades. Se teñen praza adxudicada, é necesario achegar informes médicos ou a documentación necesaria para poder valorar as súas necesidades no campus multideporte.

3.- PERSOAS PARTICIPANTES.

Establécese un número mínimo de 15 persoas participantes e un máximo de 27 persoas.

4.- TEMPORALIZACIÓN.

O Campus Multideporte realizarase en horario de 10:00 a 14:00 horas, de luns a venres, dende o día luns 22 de xuño ata ó martes 30 de xuño de 2026 (ambos os dous incluídos).

5. FINANCIAMENTO E PREZOS.

O campus multideporte financíase pola Deputación de Pontevedra e pola Consellería de Política Social e Igualdade, con cargo á aplicación orzamentaria 341.22609 do orzamento municipal do exercicio 2025, en situación de prórroga legal para o exercicio 2026.

Persoas empadroadas no Concello de Covelo: 10 €

Persoas non empadroadas no Concello de Covelo: 20 €

* Prezos segundo a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de actividades lúdicas, recreativas, culturais, formativas e deportivas aprobada na Xunta Local de Goberno Local na sesión extraordinaria que tivo lugar o 7 de xuño 2019 (BOPPO n.º117 de 20 de xuño de 2019).

6.- ACTIVIDADES.

DECRETOS
Número: 2026-0309 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 631TT4MD7MEX02ZAJTTOZHDT4
Corrección: <https://covelosedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



Concello de Covelo

As actividades que se realizan de cara á consecución dos obxectivos propostos adaptaranse ás idades das persoas participantes e ás instalacións. Realizaranse múltiples deportes como por exemplo:

- Deportivas (tenis, fútbol, fútbol sala, padel, basket e outros deportes).
- Xornada “HA Humor Amarelo”, situado no Monte Alba, en Vigo.

TANJUN – Humor Amarelo (a partir de 6 anos).

Nesta edición, os nenos e nenas participarán na actividade TANJUN, un circuío de probas lúdico-deportivas inspirado no formato “Humor Amarelo”, adaptado para idades a partir de 6 anos.

Organización da actividade

- Grupos de 14 nenos/as.
- Formación de dous equipos por grupo: equipo amarelo e equipo vermello.
- Sistema de competición por puntos entre equipos.
- Actividades supervisadas por monitorado especializado e con tódalas medidas de seguridade correspondentes.

PROBAS DO CIRCUÍTO:

1. Con Sumo Gusto.

Competición por parellas. Co traxe de sumo, deberán intentar sacar ao compañeiro/a fóra do ring.

2. Telaraña.

Competición por parellas. Cruzar un entramado de cordas no menor tempo posible.

3. Loita de Gladiadores.

Competición por parellas. Sobre un tronco a ras de chan, deberán manter o equilibrio mentres intentan desestabilizar ao contrincante cun bastón xigante.

4. Carreira de Dragóns.

Proba colectiva nun inchable con forma de verme xigante, realizando distintas modalidades de carreira (sentados, de pé, etc.).

5. Wipe-Up.

Proba grupal de axilidade. Os participantes deberán saltar ou agacharse para evitar unha barra móbil; quen cae queda eliminado.

6. Dragón Dourado.

Proba por parellas nun inchable de 22 metros con obstáculos que deberán superar no menor tempo posible.

7. Tiro da Soga.

Proba de desempate por equipos, na que deberán lograr que o equipo contrario cruce a liña marcada.

8. Zamburguesas.

Proba individual consistente en cruzar unha plataforma correndo; se non se consegue, caerán nunha piscina.

9. Zona de Auga.



Concello de Covelo

Se as condicións meteorolóxicas o permiten, os participantes poderán gozar dunha zona habilitada para o baño.

7.- METODOLOXÍA E AVALIACIÓN.

A metodoloxía do Campus baséase nun enfoque activo, participativo e inclusivo. Tódalas actividades están adaptadas ás idades dos participantes e supervisadas por persoal cualificado, garantindo a seguridade e o carácter educativo do programa.

A actividade externa complementábase co traballo realizado durante o Campus, reforzando a cohesión grupal e ofrecendo unha experiencia motivadora e diferente.

8.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN.

8.1.- Convocatoria pública.

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición destas bases no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios, si se considera oportuno.

8.2.- Inscripción.

As inscricións poderanse formalizar de forma presencial ou a través da sede electrónica, mediante a instancia xeral e o Anexo I.

8.2.1- Documentación obrigatoria a presentar coa solicitude:

- Folla de inscrición. (Anexo I)
- DNI da nai, pai titora ou titor
- DNI da crianza ou libro de familia ou partida de nacemento
- Tarxeta da Seguridade Social da crianza

8.2.2- Documentación optativa para valorar os criterios de selección:

A documentación achegada será da unidade familiar (8.3.- Criterios de selección: persoas computables da familia)

* Cada documento que se achegue debe estar formado por un único arquivo, preferentemente en formato pdf.

- Copia do contrato ou certificado de empresa co horario de traballo e vida laboral actualizada, se procede.
- IRPF do ano 2024. En caso de non presentarse a declaración do IRPF, certificado negativo de non ter presentada a declaración e certificado de prestacións, se procede.
- Documento acreditativo de ser muller vítima de violencia de xénero segundo o previsto no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero se procede:
 - Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticante pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - Sentenza condenatoria na orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fora o cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou



Concello de Covelo

calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orden xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta Lei.

- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

•Certificado de monoparentalidade, se procede.

•Certificado de discapacidade, se procede.

•Carné de familia numerosa, se procede.

•Calquera outra documentación que se estime conveniente na instrución do procedemento.

As persoas que desexen máis información sobre o Campus Multideporte e/ou a documentación a aportar, poden poñerse en contacto cos Servizos Sociais municipais no teléfono: 986 650 027, ext.3.

- Inscripcións: DO 8 AO 11 DE XUÑO 2026

- Lista de persoas admitidas:

Provisional : 15 DE XUÑO 2026

Definitiva: 16 DE XUÑO 2026

- Pagamento: DO 17 AO 19 DE XUÑO 2026

O prazo de presentación de solicitudes poderá variar en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

8.3.- Criterios de selección.

As solicitudes admitiranse por orde de inscrición ata completar o número de prazas ofertadas.

A estos efectos, considerárase como data de presentación válida aquela en que o expediente sexa presentado completo e consten nel a folla de inscrición (Anexo I), correctamente cuberta e asinada, e toda a documentación complementaria exigida nas presentes bases.

No caso de que o número de solicitudes supere o de prazas dispoñibles, a selección realizarase atendendo aos seguintes criterios de prioridade presentando a documentación que se relaciona:

1. Persoas empadroadas no Concello de Covelo que xustifiquen a necesidade por motivos laborais e cargas familiares relacionadas cos coidados: Presentarán copia do contrato ou certificado de empresa, alta no IAE, certificación de autónomos ou documentación equivalente co horario de traballo e vida laboral actualizada ou certificado ou documento acreditativo de ter cargas familiares relacionadas cos coidados.

DECRETOS
Número: 2026-0309 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 63TT4MD7MEX02ZAJTTOZHD14
Corrección: https://covelosedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



Concello de Covelo

2. Ás unidades familiares nas que, cando menos, unha persoa proxenitora, titora ou gardadora legal desenvolva a súa actividade laboral no termo municipal e xustifiquen a necesidade por motivos laborais e cargas familiares relacionadas cos coidados.

A actividade laboral no municipio acreditarase mediante certificado da empresa, contrato de traballo, alta no IAE, certificación de autónomos ou documentación equivalente co horario de traballo e vida laboral actualizada certificado ou documento acreditativo de ter cargas familiares relacionadas cos coidados.

3. Persoas empadroadas no Concello de Covelo.

4. Familias de especial vulnerabilidade xustificadas con informe dos servizos sociais comunitarios do Concello.

5. Nivel de renda da unidade familiar: Presentar a declaración do IRPF do ano 2024. Se non se fai a declaración do IRPF, certificado negativo de non ter presentada a declaración e certificado de prestacións.

6. Mulleres vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións: documento acreditativo desta situación segundo o previsto no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza condenatoria na orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fora o cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orden xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta Lei.
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

7. Familias monomarentais e monoparentais: Certificado de monoparentalidade.

8. Persoas con discapacidade superior ao 33% na unidade familiar: Certificado de discapacidade.

9. Familias numerosas. Carné ou documento análogo de familia numerosa

As persoas que non presenten a documentación completa non serán valoradas como prioritarias.

Calcularase a renda da unidade familiar, sumada a base impositiva xeral e a base impositiva do aforro, da declaración do IRPF do ano 2024.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcularase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. Son persoas computables da familia:

- Nais, pais ou titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas solteiras e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

DECRETOS
Número: 2026-0309 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 63TT4MD7MEX02ZAJTTOZHD14
Corrección: https://covelosedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 6 a 10



Concello de Covelo

- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará persoa computable aquela que non conviva co fillo/a, agás nos casos de custodia compartida. Será persoa computable, en caso de que o haxa, o novo ou nova cónxuxe ou parella.

- Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, filla ou fillo e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. En caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todas as persoas computables da unidade familiar.

****No caso de que existan prazas suficientes poderán acceder a Campus Multideporte todas as persoas participantes.**

8.4.- Resultado da selección.

O día 16 de xuño de 2026 publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello o listado de persoas admitidas.

Para ter dereito á participación no Campus, as persoas participantes admitidas deberán aboar antes do 20 de xuño de 2026, e en todo caso antes do comezo do campus, mediante transferencia bancaria á conta do Concello de Covelo no número ES75 20805420543110100012, o importe do prezo público establecido na Base 5ª, facendo constar o nome do participante e concepto de Campus multideporte. Sen este ingreso decaerá no seu dereito a favor do seguinte na lista de espera.

9.- ASISTENCIA.

No caso de que haxa lista de espera terase en conta a asistencia o Campus Multideporte. As persoas que non asistan máis de dous días nunha semana sen xustificar, daranse de baixa a favor das persoas que están na lista de espera, sen dereito a devolución do aboado.

10.- RECURSOS HUMANOS.

Monitorado cualificado. Os grupos formaranse segundo as idades do alumnado.

11.- AVALIACIÓN.

A avaliación será un proceso continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de coordinación do proxecto, das nais, pais, nenas e nenos participantes recolleranse e empregaranse de forma periódica para a avaliación e para a mellora continua.

DECRETOS
Número: 2026-0309 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 631TT4MD7MEX02ZAJTTOZHDT4
Corrección: <https://coveloselectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10



Concello de Covelo

CAMPUS MULTIDEPORTE 2026. CONCELLO DE COVELO

Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra e por fondos procedentes do Plan Corresponsables da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, do Ministerio de Igualdade e da Secretaría de Estado de Igualdade e para a erradicación da violencia contra as mulleres.

ANEXO I. SOLICITUDE

PERSOA SOLICITANTE: <u>PAI, NAI, TITOR OU TITORA:</u>		
Nome:	<input type="text"/>	Apelidos: <input type="text"/>
DNI:	<input type="text"/>	Telf: <input type="text"/>
Correo electrónico:	<input type="text"/>	
Enderezo:	<input type="text"/>	
SOLICITO PRAZA PARA AS <u>CRIANZAS:</u>		
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	
Data nacemento:	<input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	
Data nacemento:	<input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	
Data nacemento:	<input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>
OBSERVACIÓNS DE CADA NENO/A (necesidades especiais, alerxias, outras)		
<input type="text"/>		
AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON: Para a difusión e memoria de actividades	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>

DECRETOS
Número: 2026-0309 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 631TT4MD7MEX02ZAJTTOZHDT4
Corrección: <https://covelo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10



Concello de Covelo

AUTORIZO A PARTICIPACIÓN DA PERSOA MENOR NAS ACTIVIDADES: Informouseme e acepto as bases e normas de funcionamento e as actividades programadas na Campus Multideporte, incluíndo as visitas culturais e rutas pola contorna con desprazamento en autobús.	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
AUTORIZO Á ADMINISTRACIÓN A COMPROBAR NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA:		
Nome e apelidos: <input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>	
Nome e apelidos: <input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>	
Nome e apelidos: <input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>	
Nome e apelidos: <input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>	
Documentación:		
Documentación obrigatoria a presentar coa solicitude:		
<input type="checkbox"/> Folla de inscrición.		
<input type="checkbox"/> DNI da nai, pai titora ou titor		
<input type="checkbox"/> DNI da crianza ou libro de familia ou partida de nacemento.		
<input type="checkbox"/> Tarxeta da Seguridade Social da crianza		
Documentación optativa para valorar os criterios de selección:		
<input type="checkbox"/> <u>Copia do contrato ou certificado de empresa co horario de traballo e vida laboral actualizada, se procede.</u>		
<input type="checkbox"/> Declaración do IRPF do ano 2024. Se non se fai a declaración do IRPF, certificado negativo de non ter presentada a declaración e certificado de prestacións, se procede.		
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo de ser muller vítima de violencia de xénero segundo o previsto no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, se procede.		
<input type="checkbox"/> Certificado de monoparentalidade, se procede.		
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade, se procede.		
<input type="checkbox"/> Carné de familia numerosa, se procede.		
<input type="checkbox"/> Calquera outra documentación que se estime conveniente na instrución do procedemento.		
SOLICITUDE DE BONIFICACIÓNS OU EXENCIÓNS (artigo 3 Ordenanza fiscal reguladora prezo público-actividades lúdicas, recreativas, culturais, formativas e deportivas)		
Solicito as seguintes bonificacións ou exencións:		
<input type="checkbox"/> Máis dunha persoa participante nunha mesma unidade familiar:		
<input type="checkbox"/> Ao 2º participante unha bonificación do 25%		
<input type="checkbox"/> Ao 3º participante unha bonificación do 50%		

DECRETOS
Número: 2026-0309 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 631TT4MD7MEX02ZAJTTOZHDT4
Corrección: https://covelosedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



Concello de Covelo

- Ao 4º participante unha bonificación do 75%
- Os quintos e sucesivos membros participantes dun mesmo grupo familiar quedarán exentos de taxa.

**Deberán achegar libro de familia ou partida de nacemento para acreditar este extremo.

Persoas beneficiarias de prestacións como RISGA ou prestacións similares.

**Deberán achegar copia compulsada da resolución da concesión do RISGA (ou prestación similar) e demais documentación, que no seu caso, sexa requirida pola traballadora social ou informe da traballadora social ou institución análoga que poida acreditar a situación.

Situación puntual de emerxencia ou se consideren en risco de exclusión social. Terán que acreditar tal condición previo informe dos Servizos Sociais, dunha institución análoga ou de persoal técnico acreditado para certificar tal condición.

As persoas beneficiarias das bonificacións ou exencións, deberán xustificar a través dos certificados correspondentes, as faltas de asistencia, podendo ser revocada a mesma en caso de que estas superen o 20%.

Asinado

Covelo, a de do 2026.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais informámoslle que os datos recollidos no presente formulario serán comunicados á entidade adjudicataria, para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.

DECRETOS
Número: 2026-0309 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 631TT4MD7MEX02ZAJTTOZHDT4
Corrección: <https://covelo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10

